

**CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO**

*Orde do 28 de decembro de 2006 pola que se convocan as subvencións que se poderán outorgar no exercicio 2007 ao abeiro do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, que regula o programa de vivenda en aluguer.*

O Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, polo que se regula o programa de vivenda en aluguer, constitúe o marco normativo polo que se regulan as subvencións para o arrendamento e rehabilitación de vivendas desocupadas na nosa comunidade autónoma.

O seu artigo 3.º dispón que estas subvencións se atenderán a través de convocatorias anuais polas que se cuantificarán as dispoñibilidades orzamentarias que se poidan consignar para cada exercicio.

A súa disposición derradeira primeira faculta a Conselleira de Vivenda e Solo para ditar, no marco das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación do referido decreto.

En uso da referida autorización,

**DISPOÑO:****Artigo 1º.-Dispoñibilidade económica.**

Para os efectos do disposto no artigo 3.º do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, determínase:

1. A aplicación do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007 e 2008 onde figuran os créditos con cargo aos que serán atendidas as subvencións ao arrendamento do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, é a 17.01.451B.480.1.

2. A aplicación do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007 onde figuran os créditos con cargo aos que serán atendidas as subvencións para a rehabilitación de vivendas e posterior arrendamento dentro do programa de vivenda en aluguer do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, é a 17.01.451A.780.1.

3. O importe máximo das subvencións ao arrendamento que se poderán outorgar dentro do exercicio orzamentario de 2007 será de 4.342.350 € e, dentro do exercicio orzamentario de 2008, será de 3.713.250 €.

4. O importe máximo das subvencións para a rehabilitación de vivendas e posterior arrendamento que se poderán outorgar dentro do exercicio orzamentario de 2007 será de 2.700.000 €.

5. O importe máximo destas subvencións poderá incrementarse en función das solicitudes e en función das dispoñibilidades orzamentarias con cargo ás mesmas aplicacións. De producirse incremento nas dotacións orzamentarias destinadas á concesión destas subvencións publicarase no *Diario Oficial de Galicia* o importe polo que resultarán finalmente dotadas as aplicacións que as financien.

**Artigo 2º.-Solicitudes de subvención ao arrendamento.**

1. Asinado o contrato de arrendamento no marco do programa regulado no Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, o inquilino poderá solicitar a subvención ao aluguer regulada nel. Trámite que se poderá realizar mediante o modelo de solicitude de subvención recollido como anexo desta orde.

2. As solicitudes de subvención para o arrendamento reguladas no Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, poderán presentarse do 1 de xaneiro ata o 10 de decembro

de 2007 no rexistro da Consellería de Vivenda e Solo ou no das súas delegacións provinciais.

3. No presente exercicio terán lugar procedementos de concesión de subvención cada mes natural, de tal xeito que as solicitudes de subvención presentadas ata o día 10 de cada mes serán resoltas antes do último día do mesmo mes.

4. As solicitudes presentadas a partir do día 10 de cada mes serán resoltas no procedemento de concesión do mes próximo.

5. A concesión da subvención producirá efectos desde o día de presentación da solicitude.

**Artigo 3º.-Procedementos de concesión.**

No exercicio 2007 realizaranse 12 procedementos de concesión de subvencións para o arrendamento. Por cada procedemento de concesión ditarase antes do último día do mes unha resolución que conterà o importe das subvencións que se concedan en cada mes e que non poderán superar os seguintes importes:

Meses	Importe exercicio 2007	Meses	Importe exercicio 2008
Xaneiro-decembro	592.500 €	---	---
Febreiro-decembro	543.125 €	Xaneiro-xaneiro	49.375 €
Marzo-decembro	493.750 €	Xaneiro-febreiro	98.750 €
Abril-decembro	555.975 €	Xaneiro-marzo	179.625 €
Maió-decembro	494.200 €	Xaneiro-abril	239.500 €
Xuño-decembro	432.425 €	Xaneiro-maio	299.375 €
Xullo-decembro	359.250 €	Xaneiro-xuño	359.250 €
Agosto-decembro	299.375 €	Xaneiro-xullo	419.125 €
Setembro-decembro	239.500 €	Xaneiro-agosto	479.000 €
Outubro-decembro	184.125 €	Xaneiro-setembro	552.375 €
Novembro-decembro	98.750 €	Xaneiro-outubro	493.750 €
Decembro-decembro	49.375 €	Xaneiro-novembro	543.125 €
Totais	4.342.350 €	Totais	3.713.250 €

**Artigo 4º.-Solicitudes de subvención para a rehabilitación:**

As solicitudes de subvención para a rehabilitación reguladas no Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, poderán presentarse desde o 1 de xaneiro ata o 15 de decembro de 2007 no rexistro da Consellería de Vivenda e Solo ou no das súas delegacións provinciais.

**Artigo 5º.-Documentación.**

A solicitude de novas subvencións ao arrendamento, unha vez esgotados os doce meses da que tiñan concedida, exixirá a presentación de toda a documentación requirida nos artigos 5 e 15 da orde de desenvolvemento do Decreto 48/2006. Esta documentación presentarase dentro dos dez primeiros días dos trinta anteriores ao do vencemento da anterior subvención.

**Disposición adicional**

Única.-Incorporadas ao programa un número de vivendas con obras de rehabilitación que poidan comprometer o crédito que sustenta a concesión das subvencións para a rehabilitación, se denegará a incorporación ao programa de vivendas que precisen as ditas obras ata a seguinte convocatoria anual.

**Disposición derradeira**

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.  
Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2006.

Teresa Táboas Veleiro  
Conselleira de Vivenda e Solo



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓN PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS: PROGRAMA DE VIVENDA EN ALUGUER</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>VI431E</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS PERSOAIS DO/A SOLICITANTE**

APPELLIDOS	NOME	NIF / CIF
DIRECCIÓN (RÚA, NÚMERO E ANDAR)	CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE
PROVINCIA	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

**EXPÓN:**

Que ten cedido e alugado unha vivenda dentro do programa de vivenda en aluguer,

situada na localidade

rúa

Que o número de contrato é:

Polo tanto, e reunidos os requisitos establecidos no Decreto 48/2006, do 23 de febreiro,

**SOLICITA:**

A subvención para a rehabilitación do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro.

**DOCUMENTOS QUE DEBEN PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE**

- A) COPIA DE NOTIFICACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO AO ABEIRO DO PROGRAMA DE VIVENDA EN ALUGUER.

**AUTORIZO:** De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

**LEGISLACIÓN APLICABLE:**

*Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, polo que se regula o programa de vivenda en aluguer.  
Orde do 22 de xuño de 2006, pola que se regula a xestión das vivendas, procedemento de adxudicación e concesión das subvencións no "Programa de vivenda en aluguer".  
Orde do 28 de decembro de 2006, pola que se convocan as subvencións que se poderán outorgar no exercicio 2007 ao abeiro do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, que regula o programa de vivenda en aluguer.*

SINATURA DO/A SOLICITANTE, OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

En

**(Para cubrir pola Administración)**

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME:

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAIDA



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓN PARA O ALUGUER DE VIVENDAS: PROGRAMA DE VIVENDA EN ALUGUER</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>VI431F</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS PERSOAIS DO/A SOLICITANTE**

APELLIDOS	NOME	NIF / CIF
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)		CÓDIGO POSTAL
		LOCALIDADE
PROVINCIA	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

**EXPÓN:**  
Que ten alugado unha vivenda dentro do programa de vivenda en aluguer,  
situada na localidade \_\_\_\_\_  
rúa \_\_\_\_\_  
Que o número de contrato é: \_\_\_\_\_  
Que a vivenda se destina a residencia habitual e permanente do inquilino.  
 Que a unidade convivencial ten ingresos de entre 0,7 ata 2,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).  
 Que pertence a algún dos grupos de beneficiarios cualificados regulados no Decreto 48/2006, do 23 de febreiro.  
Polo tanto, e reunidos os requisitos establecidos no Decreto 48/2006, do 23 de febreiro,  
**SOLICITA:**  
A subvención para alugar do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro.

**DOCUMENTOS QUE DEBEN PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE**

A) COPIA DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO

**DECLARACIÓN XURADA**

Don/Dona \_\_\_\_\_ de estado civil \_\_\_\_\_  
veciño/a de \_\_\_\_\_ con domicilio en \_\_\_\_\_  
previsto de documento nacional de identidade nº \_\_\_\_\_  
**Arrendatario/a da seguinte vivenda:**  
Localidade \_\_\_\_\_ rúa \_\_\_\_\_  
expediente (no seu caso) \_\_\_\_\_  
**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**  
Que na vivenda alugada van residir  persoas.  
Que se compromete a destinar a vivenda alugada a residencia habitual e permanente.  
Que non ten concedida ningunha outra subvención para o aluguer.  
Que non existe vínculo algún de consanguinidade ata o terceiro grao nin de afinidade ata o segundo grao co arrendador da vivenda.  
Que non ostenta ningunha facultade efectiva de uso doutra vivenda.  
Que todos os datos achegados xunto coa solicitude son certos.  
En \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_\_\_\_  
(Sinatura)

**AUTORIZO:** De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

<p>LEGISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, polo que se regula o programa de vivenda en aluguer.</i> <i>Orde do 22 de xuño de 2006, pola que se regula a xestión das vivendas, procedemento de adjudicación e concesión das subvencións no "Programa de vivenda en aluguer".</i> <i>Orde do 28 de decembro de 2006 pola que se convocan as subvencións que se poderán outorgar no exercicio 2007 ao abeiro do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, que regula o programa de vivenda en aluguer.</i></p> <p>SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA</p> <p>En _____</p>	<p>(Para cubrir pola Administración)</p> <p>RECIBIDO</p> <p>REVISADO E CONFORME</p>	<p>NÚMERO DE EXPEDIENTE</p> <p>DATA DE ENTRADA</p> <p>DATA DE EFECTOS</p> <p>DATA DE SAÍDA</p>
---	---	--

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

*Orde do 27 de decembro de 2006 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.*

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Escola Galega de Administración Pública, pola orde do 17 de xullo de 2006 (DOG nº 142, do 24 de xullo de 2006), en uso das facultades e atribucións conferidas no artigo 15.4º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e de conformidade co disposto no artigo 27.2º da referida lei, esta consellería dispón resolver a citada convocatoria de acordo cos seguintes puntos:

Primeiro.-Adxudicarlle destino no posto de traballo que se indica ao funcionario que se relaciona no anexo desta orde.

Segundo.-O cesamento no destino actual do funcionario que obtivo praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo para a toma de posesión do novo destino será de tres días a partir do seguinte ao do cesamento de tratarse da mesma localidade onde actualmente o funcionario preste servizos, ou dun mes se radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e co disposto na base sétima da convocatoria.

Terceiro.-A xefatura do centro en que cause baixa o funcionario, así como daquel en que obteña praza, consignará no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión, das cales se dará traslado, mediante copia á Dirección Xeral da Función Pública e á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas.

Cuarto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2006.

José Luis Méndez Romeu

Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

### ANEXO

N.R.P.: 33378295057 A2085.

Grupo: B.

Apelidos e nome: García López, Mercedes.

Código do posto: PRA010000015770031.

Denominación do posto: xefe servizo formac. Perfec.

Espec. persoal Adm. autonómica.

Dependencia: Escola Galega de Administración Pública.

Corpo/escala: xeral.

Localidade: Santiago de Compostela.

Nivel: 28.

*Resolución do 27 de decembro de 2006, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala de arqueólogos, convocado pola Orde do 26 de decembro de 2005 (Diario Oficial de Galicia número 5, de xaneiro de 2006), pola que se fan públicos diversos acordos.*

En sesión que tivo lugar o día 21 de decembro de 2006, o tribunal designado pola Orde do 30 de abril de 2006, para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala de arqueólogos,

### ACORDOU:

Primeiro.-Desestimar a alegación formulada por María de los Ángeles Vázquez Martínez e manter a puntuación inicialmente imposta, logo de revisado o exame, tal e como solicitaba a interesada.

Segundo.-De conformidade co disposto na base II da convocatoria, o cuarto e último exercicio, da fase de oposición, terá lugar o xoves, 25 de xaneiro de 2007, na aula 6 da Facultade de Historia de Santiago de Compostela e dará comezo mediante chamamento único que se iniciará ás 9.00 horas.

Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal.

Non se permitirá na aula onde se realice o exercicio o acceso e tenza de teléfonos móbiles, axendas electrónicas e calquera outro material ou instrumento do cal se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio, salvo textos legais sen comentarios.

Terceiro.-Lembrarlle aos opositores que, de conformidade co previsto na base II.1.2 da convocatoria, só poderán servirse de textos legais sen comentarios, excluíndose os libros de consulta.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2006.

Roberto Pena Puentes  
Presidente do tribunal